


ROT E I R O



Argosnet. Fonte: <https://www.flickr.com/photos/argosnet/238603786/>

Museo do Pobo Galego
Biblioteca e EDLG
CPI de San Sadurniño

Viaxamos no tempo ao século XIII e imaxinamos a Bernal de Bonaval, segrel vinculado a esta parte da cidade, concretamente ao mosteiro de Santos Domingos de Bonaval diante do que estamos, cantando:

A Bonaval quer'eu, mia senhor, ir
e des quand'eu ora de vós partir
os meus olhos, non dormirán.

Bernal de Bonaval




José Luis Filpo Cabana -Entrada ao convento e á igrexa de Santos Domingos de Bonaval

Pois ben, entremos xa no Museo do Pobo Galego que, coma ben sabedes, ten unha ampla colección constituída por máis de 11500 rexistros que continúa a medrar.

Na sección de etnografía atoparémonos con ferramentas, utensilios diversos, medidas, traxes, xoias, xoguets e instrumentos.

Este Museo está moi relacionado con Antón Fraguas, persoeiro homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. El foi o seu director e presidente durante anos. Os escritos de Fraguas tratan de historia, xeografía, etnografía, cultura popular, arqueoloxía e arte. Nós, antes de somerxernos na colección da sección de Etnografía queremos ler dous anaquiños do seu libro *A festa popular en Galicia*:



A cociña era a estancia máis importante da casa para o desenvolvemento da vida. Era o lugar onde se dicían os segredos, onde se trataban as cuestións económicas, onde se celebraban os tratos matrimoniais, os concertos das vodas e moitos misterios da vida campesiña. E tamén era lugar de xuntanza de veciños nas longas noites de inverno, principalmente o sábados.

Antón Fraguas, *A festa popular en Galicia*

E coma estamos no inverno non podemos deixar de lembrar unha das festas que se celebraban durante esta data: o Fiadeiro.

A esas reunións xuntáronse os mozos doutros lugares e así a reunión veuse animada con outros pasatempos pequenos, entreteñimentos teatrais, xogos, etc, todo entranto non remataban de fiar as mozas. Rematado o traballo, facíase unha curta festa de pandeiros e canto. A festa de tal xuntanza recibe o nome de Fiadeiro polo traballo que se realizaba e *Serán* por ser o seu comezo o atardecer. (...)

Quedaban moitos meses sen festa e a xuventude buscou a xuntanza de traballo pra traballar e divertirse e foi así como se formou a festa popular; foron tres traballos os que xuntaban máis mocidade: *fiadeiros, tasca do liño e palilladas*.

Antón Fraguas, *A festa popular en Galicia*

Agora é o momento de nos fixar na colección sobre a pesca e para isto imos escoller un anaquiño de *Cousas* de Castelao quen, por certo, está enterrado no Panteón dos Galegos Ilustres que se atopa na igrexa do Convento de Santos Domingos.

O “Rifante” era un mariñeiro que ganaba pesos que na súa bolsa gardábanse talmente como auga nunha peneira. En terra o Rifante non tiña caletre ningún; en canto poñía pé no seu barco, trocábase nun sabio. Tiña moitos fillos e moitos netos e todos a gastar a barullo porque o mar daba para todo.

Castelao. *Cousas*



E que me diceses da vestimenta e e das alfaias?
Antes de ficar a nosa atención nelas, deixemos

que nos guíe a poesía de Rosalía de Castro, quen tamén está enterrada no Panteón dos Galegos Ilustres. No poema “Nosa señora da Barca” de *Cantares gallegos* deixounos un testemuño poético da forma de vestir da época.

Cantos dengues encarnados!

Cantas sintas amarelas!

Cantas cofias pranchadiñas

Dende lonxe relumbrean,

Cal si fosen neve pura,

Cal froles da primavera!

Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*

Toca despedirse do Bonaval e que mellor que coas palabras dun escritor compostelán: Suso de Toro. Escollemos un anaquiño dun artigo dedicado a Rosalía recollido no seu libro *Inmateriais*:

Lucidez combativa, Rosalía non era cousa pequena.

Suso de Toro, *Inmateriais*

Enlaces de interese

- Biblioteca Virtual Galega.

<http://bvg.udc.es/>

- Museo do Pobo Galego.

<http://www.museodopobo.gal/web/index.php>

- Unidade didáctica sobre Antón Fraguas (Museo do Pobo Galego)

http://www.museodopobo.gal/web/uploads/pdf/Antonio_Fraguas_Fraguas.pdf

- Antón Fraguas na web da RAG

https://academia.gal/figuras-homenaxeadas/-/journal_content/56_INSTANCE_8kIA/10157/1230714

- Universidade de Santiago de Compostela (USC).

<http://www.usc.es/>

- Web oficial de Turismo de Santiago de Compostela.

<http://www.santiagoturismo.com/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

b ga